

Entre a memoria e o mito, Ourense

Marcos Valcárcel

Ourense foi moito máis que a cidade natal de Carlos Casares. O lugar de nacemento pode ser un accidente histórico, esquecido despois no arbitrario roteiro vital de cadaquén. Pero non foi así para Carlos Casares, como para a maioría dos escritores de orixe ourensá que conformaron o que temos definido como *Ourense: Universo Literario*. O pouso da tradición, sen dúbida, pesa nunha elección deste tipo. Nacer na cidade que cantaron e novelaron unha longa xeira de escritores galegos, algunhas das voces máis notábeis das nosas letras contemporáneas, non pode ser tampouco un dato inocuo. Casares asumiu desde moi novo esa condición e nunca renegou dese seu ourensanismo esencial, compatíbel desde logo cun fondo galeguismo e unha vocación universalista e solidaria ben recoñecida.

Ourense era, en primeiro lugar, a casa das orixes, o *locus amenus* construído desde a memoria e as querenças, as primeiras vivencias que impregnan a personalidade dun xeito imborrábel. Xunto con Xinzo e as terras da Limia, con Beiro e outras comarcas ourensás, Ourense foi sempre a cerna do seu estar no mundo, aquela fonte primixenia sobre a que se vai construíndo un futuro volvendo unha e outra vez sobre as pegadas do pasado. Foi o seu Ourense familiar, onde residía o seu irmán Xavier e outros familiares, pero tamén moitos dos seus máis fieis amigos e conversadores do Liceo. E foi tamén o seu casar de formación, o territorio que o viu dar os primeiros pasos no mundo literario e tamén no xornalismo desde o diario *La Región*. O mundo dos fiadeiros de finais dos 50 e dos 60 foi para el como unha segunda familia e a descuberta dun mundo polo que sempre gardaría fonda devoción: desde a imaxe complexa, poliédrica, pero tan humana de Vicente Risco, ata o recoñecemento das futuras posibilidades dun escritor na imaxe de personalidades como Manuel Luís Acuña ou Antón Tovar. Por iso, aqueles anos de formación, tan relevantes na súa biografía, volvían unha e outra vez aos seus artigos dos xornais ou a algunha das súas novelas: a memoria fotográfica e extraordinariamente sensitiva de Carlos permitíanos revivir aquel mundo que xa adquiriu unha aura mítica polo que deambulaban personaxes como Julio Gimeno, Ferro Couselo, Faílde, Luís Trabazo, Carlos Vázquez, Ernesto Gómez del Valle, Xaquín Lourenzo, Manolo Prego,



No diario ourensán *La Región* deu Casares os seus primeiros pasos no mundo do xornalismo.



Xaquín Lorenzo, unha das figuras da xeración Nós que deambulaban por Ourense e coas que entrou en contacto Casares.

Virxilio, Arturo Lezcano, Antón Risco, os “artistiñas” máis novos e un longo etcétera de figuras centrais da nosa cultura, ademais de amigos como Julio Losada que serían por sempre unha fonte inesgotábel de lembranzas. Ao abeiro dos grandes mestres –Otero, Risco, Cuevillas– foi aquela a gran cidade cultural que Casares viviu desde un plano vividamente humano e que despois el mesmo consagraría nas súas novelas e ensaios histórico-culturais.


Cando Carlos Casares escribe, por exemplo, as biografías de Curros Enríquez, Otero Pedrayo e Vicente Risco, que publica *Galaxia* (1980-1981), é consciente non só de estar a facer un magnífico traballo de interpretación dos mellores momentos da nosa historia cultural, desde o século XIX ata a Xeración Nós, senón tamén de reconstruír desde a memoria unha cidade que estaba viva nos faladoiros e nos dicires das xentes do lugar: por iso, Carlos Casares, ademais de recoller os datos fundamentais das súas biografías, recrea con igual agarimo os pequenos detalles do seu mundo máis próximo, o alento rebelde e republicano do Curros novo no xornalismo ourensán –tamén el, xa, un “inadaptado” na cidade clerical e conservadora–, os xogos e trasnadas do Risco e Otero nenos, o dandismo dos seus anos mozos, cando fumaban a consabida pipa de kif entre o escándalo de beatas, burgueses e fidalgos daquela hora.

Casares coñecía coma ninguén ese mundo finisecular e os albores do século XX, ata a guerra civil, e non é casual que nese contexto cronolóxico transcorran moitas das súas mellores obras. Ourense está, por suposto, moi presente e de forma explícita en novelas como *Ilustrísima* (1980), *Deus sentado nun sillón azul* (1996) ou *O sol do verán* (2002). Nos seus libros quedaron fixados para sempre moitos Ourenseiros, de moitas épocas, de moitas sensibilidades e clases sociais, de moitas posibles perspectivas e de moitas realidades culturais. E todos eles sérvenlle ao escritor para achegarse a unha visión de Galiza moi profunda, moi plural tamén, moi vizosa nos seus matices e na súa extrema complexidade. Ourense é a ventá pola que Casares mira o mundo, do mesmo xeito que o intelectual de *Deus sentado nun sillón azul* se asoma á forte conflictividade política do seu tempo desde un espazo gris e provinciano: a condición humana, parece querer dicir Carlos, non depende do contexto histórico ou xeográfico en que nos movamos, senón só da responsabilidade moral do individuo ante as súas xentes e o seu tempo.

Casares coñecía con todo o rigor necesario a historia urbana e cultural de

Ourense. Como os grandes escritores, era unha esponxa que estaba continuamente, en calquera faladoiro ou conversa informal, absorbendo información, matizando e reinterpretando datos. Unha charla cun amigo calquera, co escritor Bieito Iglesias por exemplo, podía logo aboiar nos matices dun personaxe das súas novelas, se cadra o guerrilleiro Raúl, das terras de Barra de Miño, sobre o que tivemos os tres unha rica e fermosa conversa nunha leda noite ourensá. Tiven a honra de contar con Carlos para presentar varios dos meus libros sobre a historia cultural de Ourense e máis dunha vez sorprendeume, tomando unha cervexa antes de encontrarnos co público, reorganizando datos sobre os que eu traballara, desde a prensa ou desde a memoria oral, e completando con acerto as miñas esculcas. “Pero se ti falas del no teu libro, o “Alambritos” é aquel señorito que ía...”: Carlos sabía, desde os faladoiros, desde a lembranza dos seus anos mozos cos mestres, toda a historia desta vella cidade que el retrata con tanto vigor nas súas obras. Non deixen os lectores de consultar esa marabilla que Carlos asinou para o volume “Ourense de auga e pedra” (Ir Indo, 1990, con fotografías de Manuel Sendón): aí está, en pequenas xoias de parágrafos medidos con mimo polo ourive-escritor, só dezaseis páxinas, todo un mundo histórico e cultural que nace na memoria e remata por converterse en mito universal, creación e literatura da mellor fornada.

Algún día haberá que facer un estudo polo miúdo do mundo ourensán nas súas novelas: eses gromos de crueldade e sensualidade a un tempo, como formas de resposta a un vivir no mundo, como defensa fronte ao fanatismo e á intolerancia, que aparecen no vivir cotián retratado en novelas como *Ilustrísima*. Hai moitos Ourense literarios e para a nosa fortuna todos son diferentes: desde Blanco Amor a Carlos Casares, pasando por Otero, Risco, Lamas Carvajal ou Méndez Ferrín, nunca unha cidade tan pequena, tan alonxada dos grandes acontecementos da historia, foi tan rendíbel como ferramenta literaria para a construción dun mundo persoal e inesquecível.



Desde o seu regreso de Arxentina, Eduardo Blanco Amor mantivo unha relación constante, aínda que non sempre fácil, con Carlos Casares.

A black and white photograph of Carlos Casares, a man in a suit and tie, sitting on a ledge with his hands clasped. The background is dark and textured. The text is overlaid on the right side of the image.

Carlos Casares

os amigos,
as imaxes,
as palabras

A NOSA TERRA